

**CADERNO DE
POESÍA
DÍA DA PAZ
2021**

É urgente inventar alegría,
multiplicar os beijos, as searas,
é urgente descubrir rosas e ríos
e manhãs claras.
Eugénio de Andrade

É urxente descubrir a paz no teu interior,
ser ti mesmo e ser mellor,
descubrir a paz no corazón,
ser unha persoa e axudar a dous.

É urxente descubrir a paz no vento
cando galopas libre coma Pegaso,
tendo a túa xente arredor
para sentirte mellor.

É urxente descubrir a paz coma pasos
e pasos de amor dun eterno partido de voleibol,
pedaleando ceibe en bicicleta,
carreiras e carreiras por un mundo mellor.

É urxente descubrir a paz na empatía e na igualdade,
na amizade das azuis tardes do verán,
coas bucinas ao lonxe a soar no mar
e os doces soños a chegar.

É urxente descubrir a paz na fraternidade,
bailando hip-hop no ar,
debuxando paxaros e paxaros a voar,
sentirte libre co lapis na man.

Alumnado de 2º A

Paz

Paz e..

Unha portería que tiveramos que alcanzar...
se fosemos Neymar.

Un descanso.. despois dun difícil partido,
un día sen obrigas e..
pola tarde xogar

Paz e...

unha tarde cos amigos,
un sorriso ao espertar,
todos xuntos en familia xantar
e o ceo na noite mirar.

Paz e...

tranquilidade,
unha torta de mazá comida a carón do mar,
un amencer no praia,
nunha mañá de paz.

Alumnado de 2º B

Queremos...

Queremos vivir sen medo,
queremos a paz no mundo,
queremos harmonía, ilusión e alegría,
queremos pombas no ceo.

Queremos vervos a todos xogar,
queremos un lugar ao que poderlle chamar fogar,
queremos ver as flores florecer,
queremos maíos en primavera.

Queremos escoitar os paxaros cantar,
queremos ver o tempo pasar,
queremos respirar libremente
e ao sol e á lúa saúdar.

Queremos... Paz.

Alumnado de 3º A

Polo correo do vento
mándoche a miña canción,
nun sobre de sentimento
que asinei co corazón
Aquilino Iglesias Álvareiño

Un vento de paz

*Polo correo do vento
mándoche un bico de paz,*
vento de calma, cartafol de amor,
mensaxe de amizade, twitter en xaneiro
de pombas brancas do meu pombal.

*Polo correo do vento
mándoche un bico de paz,*
un paquete de sorrisos de solidariedade,
unha carta de fraternidade
con mazás do meu pomar.

*Polo correo do vento
mándoche un bico de paz,*
unha chamada nas noites brancas de luar,
que alegre os azuis días de felicidade
con agarimo de mar.

Un vento de paz!

Alumnado de 3º B

Cantarola dos nenos

Amiguiños todos,
amiguiños xa,
os nenos de aquí,
e os nenos de alá.

Xosé Neira Vilas e Anisia Miranda

Cantarola de respecto,
cantarola de amizade,
cantarola de calma,
cantarola de unión,
cantarola de acougo,
cantarola de liberdade,
cantarola de xustiza,
cantarola de tranquilidade,
cantarola de sosego,
cantarola de bondade,
cantarola de felicidade...
Unha cantarola de paz.


Alumnado de 4ª A ESO

Solidaria, pacífico, tranquila,
calmo, respectada, acougado,
temperada, relaxado...
En paz...

Vivir en liberdade,
amar e ser amado,
relaxarse na area
brillante co sol.
En paz...

Estar cos amigos,
á luz do luar,
cantar, danzar,
xogar e gozar...
En paz..

Alumnado 4º B



Bibliotecas
escolares
de Galicia

